

Código do curso	LIN-24-012
Denominación	LINGUA DE SIGNOS
Persoas destinatarias	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
Número de horas	30
Datas	Do 20/05/2024 ao 30/06/2024
Metodoloxía	Teórico-práctica
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Facer descrições e presentacións breves e sinxelas • Responder a preguntas breves e sinxelas • Ofrecer e recibir información relativa a asuntos cotiáns • Comprender frases, expresións e vocabulario relacionados con áreas de prioridade inmediata • Identificar de modo xeral o tema sobre o que se discute • Poder comunicarse en tarefas sinxelas e habituais que requiran un intercambio simple e directo de información sobre actividades e asuntos • Mostrar control sobre a comunicación utilizando estratexias básicas
Contido	<p>Contidos léxico-semánticos</p> <p>O individuo e as relacións persoais (identificación, características, sentimentos e familia). Educación e traballo (lugares e profesións). Lecer e viaxes (afeccións, lugares, obxectos, transportes e períodos vacacionais). Fogar e vivenda (lugares e partes da casa, obxectos do fogar). Compras e actividades económicas (lugares, actividades, roupa e calzado, comida e bebida). Saúde (síntomas, profesionais e lugares). Ciencia e tecnoloxía (informática e outras tecnoloxías). Organización política e social (ciudades e localidades da contorna, comunidades autónomas). Universo e xeografía física (flor e fauna, cores, fenómenos meteorolóxicos, lugares, estacións, tempo e calendario).</p> <p>Contidos sintácticos</p>

O substantivo (a flexibilidade do nome, a posición do substantivo no sintagma, a cuantificación, o número e os nomes clasificatorios). O adxectivo (grao comparativo de superioridade e igualdade, posición no sintagma nominal e formas clasificadas). Os déicticos. Os posesivos (posición no sintagma). Os cuantificadores. Os pronomes interrogativos: como, cando (futuro), colocación. O verbo (aspecto perfectivo, imperfectivo, verbos direccionais, retrodireccionais e recíprocos). Os adverbios de lugar, tempo relativo, modo, afirmación, negación e inclusión. A súa colocación na oración. Os clasificadores predicativos. As oracións disxuntivas adversativas, subordinadas substantivas, causais e condicionais. As pausas e o espazo de signación. A orde dos elementos das oracións. Concordancia (o uso do espazo e da mirada). A expresión facial ligada á intención comunicativa.

Contidos pragmáticos

- Profundando e ampliando os do nivel A1. Pedir información relacionada con áreas de prioridade inmediata. Expresar opinións, actitudes e coñecementos sobre tarefas sinxelas e habituais. Expresar gustos, desexos e sentimentos. Influír na persoa interlocutora. Relacionarse socialmente en situacións cotiás de contido predicible. Construír e comprender discursos.

Contidos fonolóxicos/querolóxicos

- O concepto de signo. Os parámetros formativos: configuración, lugar, movemento, orientación, punto de contacto, plano e compoñentes non manuais. A dactiloloxía. A sílaba na lingua de signos española: signos monosílabos, bisílabos e complexos. Os signos monomanuais e bimanuais. O ritmo, as pausas e o tempo.